



CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de data seis de agosto de dous mil vinte seis os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte seis.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte seis.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte seis.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte seis.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte seis.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 7 de agosto de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2218

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Iván Saavedra Gay e Azucena Pumar Galdo, que se celebrará o 07 de setembro do 2026, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 10 de agosto de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2219

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Belén Feijoo Prada e Antonio Lorenzo Rubiños, que se celebrará o 05 de setembro do 2026, ás 18:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 10 de agosto de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2220

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Segundo Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Ramiro Fernández Rey a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Laura Abad Rey e Bruno Díaz Fernández, que se celebrará o 04 de setembro, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 10 de agosto de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2221

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 5/2026, (segundo de competencia do Pleno), para crédito extraordinario e suplementos de crédito, financiado por transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e seis, por un importe total de TRINTA E SETE MIL EUROS (37.000,00 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.434.965,00.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	3.137.343,89.-
3.- Gastos financeiros.....	14.682,49.-
4.- Transferencias correntes.....	161.578,08.-
6.- Inversións reais.....	1.497.065,46.-
7.- Transferencias de capital.....	66.137,70.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	6.311.772,62.-

Modifícase o anexo de inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 11 de agosto de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2222

Anuncio

Oferta de Emprego Público 2026

Por Resolución da Alcaldía de 5 de agosto de 2026 aprobouse a oferta de emprego público deste concello que contén as prazas que se citan de seguido:

PERSOAL LABORAL FIXO:

- Peón: Unha praza vacante da escala de peón.
- Terapeuta ocupacional: Unha praza vacante no servizo de Atención Temperá.
- Psicólogo/a: Unha praza vacante no servizo de Atención Temperá.
- Enfermeiro/a: Unha praza vacante no servizo de Atención Temperá.
- Logopeda: Unha praza vacante no servizo de Atención Temperá.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 91.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo durante o prazo de dous meses, contados a partir do seguinte áo da referida publicación, sen perxuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Friol, 13 de agosto de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2233

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 392/2026, de data 11 de agosto de 2026, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2026, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado

e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 11 de agosto de 2026 ao 10 de outubro de 2026.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 11 de agosto de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2223

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0143 de data do 03.2026, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de xullo de 2026 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 125,32 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 365,44 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 4 de agosto de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2224

OUIROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o 29 de xullo de 2026, prestou aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2026**, por un importe total de VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (24.296,87 €).

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o 29 de abril de 2026, prestou aprobación ao **Padrón municipal da TAXA da AUGA correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2026**, por un importe total de SETE MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (7.375,12 €).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 1 de SETEMBRO de 2026 ata o 2 de NOVIEMBRE de 2026, ambos inclusive**.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos Padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 4 de agosto de 2026.- O alcalde – presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2225

SAMOS

Anuncio

Aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2026

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada en data 16 de xullo de 2026, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral, bases de execución e anexo de persoal para o exercicio 2026. Expostos ao público en cumprimento dos artigos 169.1 Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 20.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, por un prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 166 do 22 de xullo de 2026 e no taboleiro de anuncios do Concello, sen que durante dito prazo foran presentadas reclamacións, dita aprobación elevouse automaticamente a definitiva, polo que en cumprimento do disposto no art. 169.3 Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o contido resumido por capítulos do Orzamento definitivamente aprobado no estado de gastos e ingresos co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe (euros)	Capítulo	Denominación	Importe (euros)
1	Gastos del persoal	1.016.634,51	1	Impostos directos	223.948,84
2	Gastos correntes en bens e servizos	371.510,57	2	Impostos indirectos	17.000,00
3	Gastos financeiros	900,00	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	387.350,99

4	Transferencias correntes	20.110,24	4	Transferencias correntes	814.087,32
			5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
6	Investimentos reais	39.731,83	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		1.448.887,15	TOTAL INGRESOS		1.448.887,15

Dacordo co preceptuado polo artigo 127 do R. D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, procédese á publicación do anexo de persoal aprobado:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	Nº de dotacións	Nivel Cpto. de destino	Situación
Secretaría-Intervención-Tesouraría	A1	1	26	Cuberta por acumulación
Administrativo	C1	1	19	Propiedade
Auxiliar administrativo	C2	1	18	Propiedade
Alguacil	Agrupación profesional	1	13	Propiedade
Traballador social	A2	2 (media xornada)	21	1 Vacante 1 Interinidade

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións	Situación
Encargado de obras e servicios	1	Propiedade
Operario Servizos Múltiples	1	Propiedade
Capataz	1	Vacante
Arquitecto	1 (60% xornada)	Vacante
AEDL	1	Propiedade
Conductor tractor	1	Propiedade
Peóns	2	Propiedade
Xerente de vivenda comunitaria	1	Vacante
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Propiedade
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Vacante
Asistente acompañante vivenda comunitaria	1	Propiedade
Coidadora vivendas comunitaria	5	Propiedade
Coidadora vivendas comunitaria	1	Vacante

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións
Axudante de axuda a domicilio	6

De conformidade co sinalado no art. 169.5 do R.D. Lex. 2/2004, de 5 de marzo, o citado Orzamento entrará en vigor unha vez publicada a aprobación definitiva do mesmo, e terá efectos do 1 de xaneiro.

A dita aprobación poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e na forma e nos prazos que establecen as normas da dita xurisdición.

Samos, 14 de agosto de 2026.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2242

VILALBA

Anuncio

De conformidad con lo establecido en el art. 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, de 17 de diciembre, se notifican colectivamente las liquidaciones del padrón de tasas por los servicios de suministro de agua, conservación de contadores, saneamiento, canon del agua, coeficiente de vertidos y recogida de basuras de la zona urbana, conforme a lo establecido en la Ordenanza nº 9 reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de basuras, en la ordenanza nº 11 reguladora de la de la red de alcantarillado, en la ordenanza nº 16 reguladora de la tasa por servicios de distribución de agua y utilización de contadores e instalaciones análogas y el Decreto 136/2012 por el que se aprueba el reglamento del canon de agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales, correspondiente al **2º trimestre del ejercicio 2026**, aprobado por la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el **10/08/2026**.

El referido Padrón queda expuesto al público en la oficina de ESPINA Y DELFÍN S.L, sita en la C/ Campo de Puente, nº 85, bajo, en horario de 9:00 a 13:00 horas de lunes a viernes, el plazo de 15 días contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Las liquidaciones objeto de notificación colectiva tienen carácter provisional según lo dispuesto en el art. 101.4 de la Ley General Tributaria, y en contra de estas, podrá interponer recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local en el plazo de 1 mes, contado desde el día siguiente a la finalización del plazo de exposición. Por lo que respecta al canon de agua, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativo de la Comunidad Autónoma de Galicia en el plazo de un mes desde que se entienda producida la notificación conforme a lo dispuesto en el Artículo 49.7 del Decreto 136/2012. Se podrá ejercitar, no obstante, cualquier otro recurso que se considere procedente. Todo esto en virtud de lo establecido en el art. 14.2 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales. De conformidad con lo establecido en los arts. 24 y 25 del Reglamento General de Recaudación aprobado por el RD 939/2005 de 29 de julio, se comunica también que el plazo del ingreso en período voluntario será de 30 días naturales desde la publicación de este anuncio en el BOP.

El ingreso de las deudas se realizará en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L de lunes a viernes de 9 a 13:00 horas. Los recibos domiciliados por los contribuyentes serán cargados directamente por las respectivas entidades bancarias en la cuenta que ESPINA Y DELFÍN S.L. tiene designada al efecto en la oficina de Abanca de esta localidad. El pago de la tasa se podrá domiciliar para lo sucesivo en cajas de ahorros, bancos y demás entidades financieras. Para este trámite será necesario cubrir un impreso de domiciliación en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L. Transcurrido el plazo de ingreso en período voluntario las deudas se harán efectivas por la vía de apremio y serán exigibles los recargos del período ejecutivo y los intereses de demora correspondientes, tal y como estipulan los artículos 26 y 28 de la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria y, en su caso, las costas que se produzcan. Por lo que respecta al canon de agua la vía ejecutiva de apremio será realizada por la Consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia.

Vilalba, 11 de agosto de 2026.- La alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2226